

## **A oposición obriga ao goberno en minoría a someter a aprobación dos orzamentos para 2026 a unha moción de confianza**



**Entrevistas a Luma Gómez, Ernesto Lavid e Rudy Daini**

FEBREIRO 2026

## O Pleno rexeita a aprobación inicial dos orzamentos e o goberno recorrerá á moción de confianza no vindeiro pleno ordinario

O luns, 23 de febreiro (día de peche do AMSGO!) celebrouse un pleno extraordinario no que a Corporación municipal debateu dous puntos relativos ao novo orzamento para o exercicio 2026 presentado polo goberno municipal, que ascende á cifra de 43.334.228,98 euros, e que está composto polo orzamento municipal de 38.753.577,15 euros e mailo orzamento da EPEL Augas de Ames de 4.580.651,83 euros. Tralo debate, quedou rexeitada a aprobación inicial do Orzamento Xeral 2026 do Concello de Ames e o da EPEL Augas de Ames; e foi aprobada a masa salarial do persoal laboral do Concello de Ames e da EPEL Augas de Ames. No pleno ordinario do vindeiro xoves, 26 de febreiro, incluírase unha cuestión de confianza para poder aprobar o Orzamento Xeral 2026.

Os concelleiros e concelleiras do Goberno municipal votaron a favor, mentres que o resto de edís do Partido Popular, BNG e Espazo Común posicionáronse en contra. Por outra banda, saíu adiante o segundo punto da orde do día relativo á aprobación da masa salarial do persoal laboral do Concello de Ames e da EPEL Augas de Ames. Este punto foi aprobado co voto a favor dos concelleiros e concelleiras do Goberno municipal e do Partido Popular, mentres que os edís do BNG e Espazo Común abstivéronse.

Deste xeito, o alcalde, Blas García, indicou que “no próximo pleno ordinario do xoves 26 de febreiro incluírase unha cuestión de con-

fianza para poder aprobar o Orzamento Xeral 2026, que implicaría poder aprobalos cun mes e medio de atraso, pero se todo vai ben teremos orzamentos municipais”.

### VOCEIROS

A voceira de Espazo Común, Luísa Feijóo, comezou o turno de intervención dicindo que “o orzamento non só é un documento contable, senón que un instrumento económico – financeiro que recolle, ademais da previsión anual de ingresos e gastos, a estratexia formulada polo goberno para o noso concello pasando a ser así unha ferramenta clave para a súa xestión, unha ferramenta que serve para planificar, controlar e avaliar o uso dos fondos públicos e as actuacións do propio goberno. Estamos ante un orzamento continuista, irrealizable e cunhas contas irreais. Trátase do segundo e último orzamento dun mandato caracterizado pola inestabilidade e pola falta de diálogo do actual goberno socialista en minoría. É un orzamento reflexo dun goberno que carece dun plan global e de estratexia con actuacións mediáticas e inconexas”.

Luisa Feijóo engadiu “non hai axudas directas ao pequeno comercio, non vemos tampouco medidas reais do fomento do emprego, non hai axudas para o autoemprego e emprendedores ou estudo de necesidades do noso concello. Tamén botamos de menos medidas concretas en materia de vivenda social e unha partida específica para participación, actuacións en materia



de igualdade, programas de envellecemento activo compaxinados con actividades interxeracionais. Recortan en gasto social, promoción do emprego, igualdade e promoción económica, e aumentan a partida de publicidade institucional e festas. A irresponsabilidade é presentar un orzamento pechado, sen vontade real de negociación e de incorporar propostas da oposición. Queremos un Concello con máis apoio ao pequeno comercio, con políticas reais de emprego, de vivenda social, con estruturas de participación veciñal, que impulse políticas de igualdade, e onde os veciños e veciñas sexan o verdadeiro goberno”.

A voceira do BNG, Escarlata Pampín, explicou que “un goberno en minoría estable debería dende o primeiro día, dialogar, negociar e buscar acordos, para sacar adiante as súas propostas. Cando un goberno non consegue aprobar os orzamentos o que está fallando é o diálogo e o consenso. Gobernar en minoría non significa gobernar en solita-

rio, significa escoitar, ceder e construír puntos de encontro, aquí é onde suspende o partido socialista que nos goberna actualmente en Ames, onde a imposición se repite unha e outra vez, autoritarismo que contrasta cos oito anos de goberno estable e progresista dos dous mandatos anteriores. Hoxe traen uns orzamentos dun goberno estancado, uns orzamentos continuistas, poucos ambiciosos, e afastados da realidade social do Ames de 2026, uns orzamentos que non responden aos problemas dos nosos veciños e veciñas”.

Escarlata Pampín tamén destacou “presentamos 15 propostas realistas pensadas para mellorar os orzamentos e por tanto a vida da xente de Ames. A resposta do goberno de Ames foi mirar cara outro lado e rexeitar case todas. Non podemos apoiar uns orzamentos que non apostan por unha política de vivenda seria e valente, xa que é un dos principais problemas da veciñanza de Ames. Outras medidas solicitadas foron a posta en

marcha de axudas directas para os comerciantes afectados polas obras de humanización do Milladoiro e o incremento real da partida dos bonos Consuma para poder facer dúas campañas ao ano. A estes orzamentos fáltanlles máis diálogo, políticas progresistas, compromiso real coa veciñanza, ambición social, visión de futuro, en definitiva fáltalles máis BNG”.

A voceira do Partido Popular, Oliva Agra, explicou que “presentamos propostas responsables. Propuxemos avanzar cara un novo plan xeral que ordene o crecemento do municipio. Non podemos seguir sen unha follas de ruta clara que marque onde, como e con que criterios se desenvolve o territorio. Tamén propuxemos reforzar de forma decidida a promoción económica, o emprego e o apoio ao comercio local. Un Concello non debe limitarse a prestar servizo, debe crear condicións para xerar actividade económica, atraer investimento e consolidar o tecido empresarial, por iso en moitas ocasións reclamamos maiores axudas

para o comercio local. Ademais, propuxemos a creación dun parque de bombeiros propio, a seguridade non pode depender da vontade ou pasividade doutras administracións; e contar cunha dotación orzamentaria específica para o arranxo das beirarrúas do concello. En cambio, propuxemos a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos e a creación dunha ordenanza para regular o seu uso. Sobre este asunto díxosenos que estaba traballando na licitación nos próximos meses”.

Sobre os ingresos e gastos, Oliva Agra dixo que “está previsto pedir préstamos por valor de preto de 3 millóns de euros para actuacións que non están suficientemente detalladas nin concretadas no documento orzamentario. Tamén se contempla vender parcelas municipais para adquirir outras. O goberno municipal pretende desfacerse de cinco parcelas municipais e ingresar preto de 1,6 millóns de euros, para dedicalos a catro operacións: adquirir por 800.000 euros parcelas ao carón da AP-9, nas inmediacións da rúa do Rego, no Milladoiro, para a construción dun parque; expropiar por 500.000 euros varias parcelas en Bertamiráns para a construción do parque urbano Bertamiráns norte; adquirir parcelas nas proximidades do CEIP Agro do Muíño para ampliar a estrada de Sisalde e crear novas prazas de aparcamento; e 45.000 euros para reparacións nos pavillóns municipais. O goberno en minoría, que presume de talante negociador nin tan sequera informou á oposición dos grandes proxectos que ten pensado para Ames, igual é porque nin o propio goberno



confía en que os poida materializar”. Por último, criticou “a redución nun 35% da partida destinada ao mantemento dos centros educativos e nun 11,4% para o programa de campamentos para a mocidade”. A concelleira de Servizos Económicos, Susana Señorís, respondeu que “levan un ano enteiro criticando que este goberno non presentara uns orzamentos, cando se lles explicou con claridade e en repetidas ocasións que no ano 2025 non era posible facelo. Coincidimos plenamente na necesidade de ter orzamentos para garantir estabilidade e capacidade de acción. Saben que nunca tiveron intención real de aprobar estes orzamentos. A suposta negociación que estableceron non foi máis que un movemento estratéxico sen vontade sincera de chegar a un acordo. Hai propostas que realizaron que son irrealizables ou incluso ilegais. Este Concello vai ter orzamentos hoxe ou dentro dun mes. Non aprobar estes orzamentos supón un contratempo na xestión, supón non cumprir cos traballadores, e non poder executar os proxectos recollidos en dito documento”.

Pechou a quenda de in-

tervenções o alcalde, Blas García, que dixo “vivimos nun Ames distinto porque eu non noto esa percepción do Ames negativo ou triste que vostedes traen hoxe aquí. A miña percepción é dun Ames no que a xente quere vir a vivir aquí, e somos un dos poucos concellos que medra en poboación, e o único concello este ano en Galicia con saldo vexetativo positivo. Por iso creo que tan mal non o estamos facendo. A realidade destes orzamentos é que queremos mellorar os aparcamentos públicos, cubrir as pistas polideportivas do Milladoiro, recollemos unha axuda para as familias con intolerancias, imos levar a nosa propia auga a Bertamiráns, O Milladoiro e todo o entorno e prescindir da auga de Santiago, e imos mellorar o servizo de abastecemento da parte alta da avenida da Maía, en Bertamiráns. Vostedes din que non temos prioridades, si que as temos, pero non coinciden coas súas”. Ademais, avanzou “estamos traballando nun proxecto de vivenda pública e ademais xa lle cedemos seis parcelas no Milladoiro á Xunta para construír máis de 200 vivendas públicas”.

### Gasto por áreas

O orzamento consolidado para o exercicio 2026 ascende á cifra de 43.334.228,98 euros. Dito presuposto está composto polo orzamento municipal de 38.753.577,15 euros e mailo orzamento da EPEL Augas de Ames de 4.580.651,83 euros. O orzamento municipal de 2026 medra en 6.185.153 euros respecto do presuposto de 2024, e incrementase respecto de 2024 en 10.755.804 euros se temos en conta o orzamento consolidado de 2026, que tamén inclúe o orzamento da EPEL Augas de Ames.

A principal área de gasto é educación co 17,36% do total do orzamento. A segunda área con maior gasto é benestar comunitario co 15,10%, e na terceira posición está servizos sociais e promoción social, que representa o 8,43%. Na cuarta posición queda medio ambiente co 8,35% do gasto total. A continuación, aparecen outras áreas como son seguridade e mobilidade cun 7%; cultura cun 6,76%; servizos de carácter xeral cun 6,14%; deporte cun 5,83%; vivenda e urbanismo cun 4,87%; administración financeira e tributaria cun 3,79%; e comercio, turismo e pequenas e medianas empresas cun 3,73%.

### Resumo de ingresos por capítulos

Os ingresos do Concello de Ames, que suma un total de 38.743.577,15 euros, divídense en 9 capítulos. Os ingresos directos, que ascenden a 9.491.310,80 euros, supoñen un 24,49% do total de ingresos e son un dos piares do financiamento municipal. O principal tributo é o IBI cun

74,50% deste capítulo, imposto que segue sen modificarse, polo que este incremento é debido aos novos inmobles construídos en Ames. Os impostos indirectos, que ascende a 1.123.690,45 euros e representan o 2,90%, soben 576.551,65 euros con respecto ao orzamento do 2024, isto é debido ao dinamismo económico local (a contía recadada polo ICIO aumenta con respecto ao 2024, debido ao interese inversor neste concello).

Por outra banda, as taxas, prezos públicos e outros ingresos ascende a 6.403.603,27 euros (16,52%); as transferencias correntes son de 14.203.265,49 euros e representan o 36,65%; os ingresos patrimoniais son de 165.000 euros (0,43%). A través destes cinco capítulos de operacións correntes acádanse uns ingresos de 31.386.870,01 euros (80,99%).

Ademais, as operacións de capital ascenden a 4.602.707,14 euros (11,88%) e están divididas en alleamento de investimentos reais (1.455.000 euros – 3,75%) e transferencias de capital (3.147.707,14 euros – 8,12%). Por último, as operacións financeiras ascenden a 2.764.000 euros (7,13%): os activos financeiros son 18.000 euros (0,05%) e os pasivos financeiros son de 2.746.000 euros (7,09%).

### Resumo de gastos por capítulos

O apartado de gastos, que suma un total de 38.753.577,15 euros, está composto por sete capítulos divididos en operacións non financeiras e operacións financeiras. Gastos de persoal, con 12.526.365,68 eu-

ros (32,32%); gastos correntes en bens e servizos, con 16.530.307,47 euros (42,65%); gastos financeiros, con 13.000,00 euros (0,03%); transferencias correntes, con 1.295.711,41 euros (3,34%); e investimentos reais, con 8.096.920,23 euros enmárcanse dentro das operacións non financeiras, que supoñen un gasto de 38.462.304,79 euros (99,25% do total de gastos).

En canto ao apartado das operacións financeiras, este está composto por dous capítulos: activos financeiros, con 18.000 euros, e os pasivos financeiros, con 273.272,36 euros. En total, as operacións financeiras contemplan un gasto total de 291.272,36 euros e unha achega 0,75% ao conxunto total do apartado de gastos.

#### Orzamento EPEL de Ames

Por outra banda, tamén se debateu sobre o orzamento da EPEL Augas de Ames para o exercicio 2026 (que inclúe os orzamentos de explotación e capital da entidade para 2026, previsión do balance de situación, cadro de persoal da EPEL con detalle das retribucións totais previstas, así como o programa de actuación plurianual 2026-2028); e a aprobación da masa salarial do persoal laboral para 2026. Trátase dun presuposto equilibrado entre ingresos e gastos que ascende a 4.580.651,83 euros. O orzamento de 2026 recolle dous importantes investimentos: a obra de abastecemento de auga potable dende a ETAP de Lens ata O Milladoiro, Bertamiráns e ao rural; e mailo reforzo da rede de abastecemento na avenida da Maía, en Bertamiráns.

## Un estudo analiza as Áreas de Risco Potencial e Significativo de Inundación (ARPSIs) e a resposta ante emerxencias

Presentouse o estudo de detalle de inundación en áreas de risco potencial e significativo de inundación (ARPSIs) e do Plan municipal de protección civil fronte ao risco de inundacións no municipio.

en primeiro lugar abordaron a modelización hidráulica bidimensional da zona inundable, así como da identificación de zonas críticas en diferentes escenarios de risco, e un plan orientado a establecer un marco operativo de resposta ante posibles emerxencias relacionadas. Esta última acción integrará a normativa vixente (INUNGAL, PXRI e Real decreto 903/2010) e define os protocolos a seguir.

Ambas actuacións parten co obxectivo claro por parte do Concello de Ames de reforzar a súa resiliencia fronte ás inundacións e mellorar a planificación de emerxencias. Todo isto, avanzando cara á dixitalización da xestión do risco e aliñando ás políticas locais cos obxectivos ambientais e tecnolóxicos do PRTR.

O estudo fíxose en detalle dentro da zona de Bertamiráns, debido a que as ARPSIs deste núcleo correspóndense co grupo IV dentro da escala de medición, o que se traduce como unha alta perigosidade polo risco de inundación, causando danos na contorna. É por



iso que se formula a elaboración dun estudo de inundabilidade que determina cales son as zonas de maior risco e, en consecuencia, establecer un plan de medidas correctoras.

Ademais, existe unha aplicación web, que se poñerá a disposición da veciñanza nas vindeiras semanas, á cal se poderá acceder para ver as zonas que poden estar inundadas e mailos lugares aos que non se pode acceder por ditas inundacións. Trátase dunha ferramenta moi útil para ver o municipio neste senso.

A empresa adjudicataria do proxecto é compañía santiaguesa Brétema Ingeniería S.L. e contou cun contrato de 40.474,50 euros (IVE incluído) sobre os 49.731,00 euros (IVE incluído) do presuposto base de licitación, o que supuxo unha baixada económica do 18,6% do importe de licitación estipulado.

Xestión máis eficiente e eficaz do ciclo completo da auga

O contrato para o Estudo de detalle de inundabilidade de Áreas de Risco Potencial e Significativo de Inundación e do Plan municipal de protección civil fronte ao risco de inundacións é un dos proxectos incluídos no plan Ames dixital Water, cuxo obxectivo é lograr a transformación integral do sistema de abastecemento e saneamento do concello.

Este proxecto pretende converter Ames nun referente na gobernanza da auga a nivel local, aproveitando as vantaxes da transformación dixital.

Prevese mellorar a calidade de vida dos cidadáns, promover a sustentabilidade ambiental e fortalecer o arraigamento da poboación no municipio. Este enfoque integral busca crear un modelo replicable

noutros contornos semiurbanos que se enfrontan a retos similares.

Ademais do estudo de inundacións e o plan de protección civil, o Concello de Ames adxudicou tamén os contratos para acometer as accións de inventario das redes de abastecemento e saneamento, a mellora do sistema de abastecemento do municipio e o estudo para o saneamento e depuración de pequenos núcleos.

A través do uso da tecnoloxía, búscase facer unha xestión máis eficiente e eficaz do ciclo completo da auga, desde a captación ata a reutilización. O investimento global ascende a 1.356.375,49 euros. O 83,40% do orzamento total, que ascende a 1.131.309,77 euros, será sufragado con fondos europeos, mentres que o 16,60% restante, 225.065,72 euros, son sufragados con fondos municipais.

# SABORA

café tostados no día

[www.cafesabora.com](http://www.cafesabora.com)


## InnovAmes xirou en torno á innovación que cambia o día a día

Pasado día 20 celebrouse no Pabillón do Milladoiro a VII InnovAmes, baixo o lema “A revolución invisible; innovación que cambia o día a día”.

O obxectivo de InnovAmes é chegar a toda a cidadanía as últimas tendencias no mundo da innovación, tecnoloxía ou o audiovisual da man das empresas do concello de Ames, xerando un espazo para a aprendizaxe e o diálogo, onde se comparten coñecementos e sinerxías para crear proxectos innovadores. Ao longo de toda a xornada houbo diferentes charlas, mesas de debate, obradoiros, presentación de proxectos innovadores e ofreceuse información nos stands permanentes por parte das empresas, universidades e centros de ensino participantes.

Ao evento asistiron as empresas amesás Conic vascular – CAST, Ficción Producciones, Nanogap, Sinergia, Cartogalicia, Impulsadixital, Werobots, Codery, Karbonius, Casalonga forestal y jardín, Emotionallight, Silveira, Artesanía Tuñas, Bahiasoftware, Nortigalia, Placein, Biostatech, Catec, Clun, Stampa, Iluminaciones Santiaguesas, Gst, Ojoalvatio, Augas de Ames, H2GZ, DOOIGNIT, e Elora.

E este ano, como novidade, tamén acudiron ao evento como convidadas empresas doutros concellos próximos a Ames: Adoc Vimbio e Cloud.gal, de Santiago de Compostela; Farmasecurity, de Vigo; Metalia Consultores, das Pontes; Obit Dynamics, de Ribeira; Disal, de Vilagarcía de Arousa e Powernet, da Coruña. Es-



tes dous últimos concellos, do mesmo xeito que Ames, forman parte da Rede Impulso.

### Relatorios de interese en materia científica

Durante a xornada sucedéronse diversos relatorios de interese en materia científica. A primeira mesa tratou sobre “Por que as innovacións que máis transforman a nosa vida adoitan ser as menos visibles? É necesario que a innovación sexa disruptiva e visible para ser realmente transformadora?”. Contou coa participación da Secretaría Xeral de Innovación, Teresa Riesgo; Emilio Martínez, representante da Universidade de Santiago de Compostela; Nerea Dávila, representante de Nanogap e Eugenio Varela, representante de Access Surgical Technologies.

Na segunda mesa falouse de “Tecnoloxía con propósito: innovar sen perder ás persoas”. Participaron o Delegado Especial do Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades; Isabel Martínez, subdirectora adxunta de Política e Estratexia Aeroespacial; Xanel Vecino, da

Escola de Enxeñería Industrial da UVigo; Alicia Cano, do CATEC e Esther Saavedra, de NTT DATA.

Ademais, houbo unha actividade para os máis cativos, chamada “Maxia e tecnoloxía”; e a Cadena Ser fixo un programa especial do Hoy por Hoy Santiago.

### Premios educativos

Os premios buscan poñer en valor o traballo e a dedicación dos escolares amesáns en materia científica e de innovación. Nesta edición, a participación dividiuse entre o CEIP Agro do Muíño e o CEIP de Barouta.

O primeiro premio, dotado de 1.700€, foi para os rapaces e rapazas de Barouta, co seu traballo “Ponlle voz”. En segunda posición, cun premio de 1.500€, a aula de 5ºC de Agro do Muíño, con “Os planetas”. Pechou o podio o traballo “Receitas musicais”, do CEIP de Barouta, que levou unha un premio de 1.200€. E en cuarta posición “Un cerebro artificial”, dos rapaces e rapazas de 6ºB do CEIP Agro do Muíño, os cales recibiron 900€.

### Premios aos proxectos em-

### presariais

Os premios InnovAmes para empresas innovadoras teñen como obxectivo recoñecer e poñer en valor o esforzo de persoas emprendedoras e das empresas cun maior grao de innovación e potencial de crecemento en Ames. Para outorgar ditos premios valóranse aspectos como o compoñente de innovación, a sostibilidade, o uso de novas tecnoloxías, a globalización do proxecto, o potencial impacto do mesmo na contorna de Ames e a propia presentación no InnovAmes.

Deste xeito, as empresas premiadas foron Iluminaciones Santiaguesas, que levou o premio ao impacto innovador polo proxecto Bridalab; e a empresa Elora, que foi galardoada co premio á innovación empresarial polo proxecto Elora Smart.

### Presenza Institucional

O InnovAmes 2026 foi clausurado polo alcalde de Ames, Blas García; a concelleira de Promoción Económica e Emprego, Ana Belén Paz; a secretaria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, Teresa Riesgo; e o delegado especial da Zona Franca de Vigo, David Regades. Ademais, contouse coa actuación musical de Kike Varela e Puga.

O alcalde de Ames, Blas García, puxo de manifesto “o gran traballo que se fai no noso concello. Moitas persoas non saben que dende o parque empresarial do Milladoiro axúdase a deseñar barcos que acaban gañando a Copa América de vela, por exemplo”. Non obstante, para Blas García, o máis im-

portante do InnovAmes “é ter connosco a todos estes nenos e nenas que veñen con moita ilusión a ensinar os seus proxectos. O futuro constrúese dende o presente, en actos coma este”.

A concelleira de Promoción Económica e Emprego, Ana Belén Paz, sinalou a aposta “por un modelo de concello innovador, que aposta decididamente por converterse nun polo de atracción para proxectos e empresas que queiran desenvolver a súa actividade no municipio amesán”.

A secretaria xeral de Innovación do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, Teresa Riesgo, destacou que o InnovAmes “é algo moi importante, porque nestes espazos é onde se ven as cousas que intentamos cambiar”.

A deputada de Emprego e Industria, Rosa Ana García engadiu que “este evento representa perfectamente o modelo de desenvolvemento que estamos traballando dende a Deputación da Coruña, baseado no coñecemento, na cooperación e na xeración de oportunidades no noso territorio. InnovAmes é moito máis que unha feira ou que unha cita técnica; é un espazo de conexión”.

Por último, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, sinalou o bo facer do Concello de Ames, pola “capacidade para atraer talento, para xerar oportunidades e para crear un ecosistema de empresas, centros educativos e administracións onde todos colaboramos” para facer futuro.

FEBREIRO 2026

## Ernesto Lavid (#nestytruck): “As redes sociais son para divertirse, non p

Ernesto Lavid, veciño de Bertamiráns é camioneiro. Pero antes foi emprendedor. As circunstancias económicas levárono por un camiño que xa tiña na cabeza hai moito tempo, pero que os nego-

cios non lle deixaban co-ller. Gústalle conducir, e combina traballo e practicar. A ruta permítelle, dentro duns límites razoables, facer turismo interior por España. Como o tempo ás veces pasa

amodiño na cabina do vehículo, pensou en facer uns vídeos das súas visitas. Agora está feito un experto en Tik Tok e Instagram, e todas as ferramentas que a tecnoloxía presta para comunicarnos

polas redes sociais. Só ten unha premisa, a de pasalo ben. Non cree que ningún estea interesado nas súas penurias e contando as miserias da profesión xa lle sobran competidores. Por iso é un contacto

recomendable. Chámase #nestytruck, por se queremos saber máis sobre o que estamos a falar. Se o atopades no Tik Tok dáde-lle un like e a seguir, que tamén lle picou o berme-

**AMSGO:** Cántanos, como chegaches ao camiión?

**Ernesto:** Pois por casualidade e por necesidade. Vendo que facían falta choferes, pois decidín sacarme os carnés e poñerme a traballar. E o outro motivo é que me gusta conducir. Paso as semanas dun lado ao outro de España.

familia e as amizades de aquí?

**Ernesto:** Ademais do whatsapp ou as chamadas, isto permítenos mesmo botar unhas risas cos amigos a fin de semana.

**AMSGO:** E xa entraches na competencia por ter máis número de seguidores?

**Cando teño que parar nun pobo gústame visitalo e facer turismo. Aproveito, grávo e cólgo na internet.**

**AMSGO:** Ademais, decidiches contarnos o que fas polas redes sociais, especialmente por Tik Tok. Como se che ocorreu?

**Ernesto:** Son moitas horas no camiión e vas dándolle voltas á mente. Tamén hai moitos camioneiros que facían Tik Toks, así que me dixen que tamén me poño eu. Agora as horas mortas dedícoas a divertirme un pouco. Cando teño que parar nun pobo gústame visitalo e facer turismo. Aproveito e grávo e cólgo na internet.

**AMSGO:** Ao mesmo tempo iso permíteche case manter un fío condutor coa

**Ernesto:** Algo hai. Si. Máis que nada porque vas vendo á xente que viu os teus vídeos e sabes que un contido ten máis visualizacións que outro. E ti tentas melloorar, copiando doutros ás veces e outras poñendo da túa inventiva.

**AMSGO:** De todos os xeitos isto das redes náceche no camiión, cando eras emprendedor, en Bertmiráns non recordo, polo menos, o mesmo nivel de dedicación.

**Ernesto:** Antes usaba as redes para promocionar os negocios. Para estar no mercado. Agora é por mera diversión. Practicamente o

que uso é o Tik Tok e o Instagram, porque aproveito os contidos.

**AMSGO:** Pero isto lévache a un nivel de actualización do manexo das aplicacións e ferramentas para facer os teus vídeos e contidos.

**Ernesto:** Tes que ter a túa propia palicación de Tik Tok, outras para poñerlles mú-

sica, outras para facer logos e bonequiños por IA. Ao final usas unha chea de aplicacións.

**AMSGO:** A diferenza doutros ti es un creador de contido altamente positivo, iso diferénciache?

**Ernesto:** Eu creo que as redes sociais deben ser para divertirnos, non para contar as nosas penas. Hai outros

compañeiros que vexo que se pasan o día queixándose pero a min non me chama a atención pasarme o día contando as miñas penas. Non creo que outros teñan ganas de oílas. O que tento é facer vídeos divertidos, diferentes. Agarro o patinete, a cámara e ensino o que visito. O día que estiven en Teruel, que me caeu unha nevada ata o nocello, pois contei como reaccionaba o camiión na neve e ensinei as paisaxes nevadas. Para queixarse xa están outros. Que se nos pagan pouco, que son moitas horas, Se vas ser camioneiro tes que ser consciente de onde che metes. Vai ser difícil cinguirche ás corenta horas semanais.

**AMSGO:** Pero tedes unha regulación que se foi facendo máis rixida, por exemplo as paradas para o descanso.

**Ernesto:** Teño que dicir que polo menos na miña empresa se se cumpren. Eu estou contento por iso e porque teño bastante liberdade para cumprir cos horarios e as entregas. Pero agora fan falta camioneiros, chegaronme a ofrecer tres mil euros ao mes, pero cando pescudas as condicións e os horarios non interesa, polo menos a min.



## Para contar as miñas penas. Para queixarse xa están outros ”

**AMSGO:** Como están as estradas?

**Ernesto:** Eu chamaríalle máis camiño de carro que estrada. As estradas están esnaquizadas. Todas, sen excepción. Nós practicamente temos que ir polo carril esquerdo porque o dereito está feito un farrapo. E temos prohibido circular por ese carril. O que pasa é que polo da dereita imos reben-

a falsa impresión de que agora todo é autoestrada.

**Ernesto:** Ao meu gústame máis usar a nacional. Por regra xeral é máis divertida. Dórmesche menos. Pero dá igual. Por exemplo, á altura de Astorga, as estradas están xa todas desniveladas, gretadas...

**AMSGO:** As queixas que saíron a relucir sobre o man-

exemplo, toda a circunvalación de Burgos, non hai quen circule por aí. Nin en coche nin en camiión.

**AMSGO:** Falemos das rotondas.

**Ernesto:** A ver... Non están pensadas para camiións. A metade rebentámolas pasando co remolque por encima. Fanas moi estreitas. Son de carril estreito e escul-

ven lévenllo. Pero non teño moita queixa de incidentes pola miña banda. Eu polo si ou polo non levo os meus seguros nas portas que moitas veces non é necesario nin poñelos.

**AMSGO:** Xa tiveches a túa anécdota de condución?

**Ernesto:** Si. O típico caso do GPS que che leva por un camiño que se estreita ata que fai falta un guindastre para quitar o camiión. Aos quince días de empezar. Paguei a novatada.

**AMSGO:** Cambiou o perfil do camioneiro?

**Ernesto:** Home aínda te atopas con moito autónomo, pero predominan as empresas. E as cooperativas de transportistas, que negocian mellores prezos que de modo individual. Ás veces depende das empresas usuarias do transporte, que prefiren máis autónomos ou máis empresa. Tamén empezou a haber moito camioneiro novo e máis mulleres. Isto nótase porque a súa presenza máis masiva obrigou a facer cambios nas áreas de descanso, incorporando duchas para camioneiras. Nos baños de mozos xa existían.

**AMSGO:** E a convivencia na estrada?

**Ernesto:** Ben. A verdade é que cando se che avaría o camiión pasan e preguntan ou se pairan se che poden botar unha man. Non é o de antes, cando dicían que sentaban xuntos a comer e contar anécdotas. Agora xa che dixen que todos levan a súa

comida no camiión, que ten neveira. Pero aínda podes charlar no café do almorzo. Pero quizá en xeral o trato é un pouco máis frío que antes.

**AMSGO:** Aproveitando o teu coñecemento de España. O fenómeno das entradas estreitas nos polígonos é algo propio de Santiago e comarca ou está moi estendido?

**Ernesto:** Pois é case unha regra xeral aplicable a toda España. Ninguén se para a pensar que levamos 16 metros de longo. Cando vas pola metade do remolque, xa se che está subindo a roda á beirarrúa, ou ao illote. Por regra xeral os polígonos non están pensados para recibir a mercadoría. E en Santiago menos. Quitando o Polígono do Tambre, que está un pouco máis ancheado, o de Costa Vella non hai por onde collelo.

**AMSGO:** Oe, falamos de que foron as circunstancias da vida as que che transformaron de emprendedor a camioneiro. Contemplas deixalo a medio prazo?

**Ernesto:** Eu teño pensado xubilarme nisto. Dígocho así de claro. Propúxenme xa hai moito anos. Pero as circunstancias familiares e do traballo non me permitiron decidir. Pero podo dicir que atopei a felicidade laboral no camiión. Conduces, gústame o turismo e cando toca descansito aproveito para visitar a zona e os meus xefes non me impiden facer o que fago, de feito séguenme en Tik Tok e ven os meus contidos.

**Eu teño pensado xubilarme nisto. Dígocho así de claro.**

**Podo dicir que atopei a felicidade laboral no camiión.**

tando as rodas, os amortiguadores, e acabamos cos camiións nas cunetas.

temento, teñen base?

**Ernesto:** Si. Si. Unha vez que fixeron a estrada esquecéronse dela. Punto. Por

**AMSGO:** Pero temos

tura ancha.

**AMSGO:** Rompamos un mito. Onde para un camioneiro cómesse ben?

**Ernesto:** Comíase.

**AMSGO:** E agora que facedes?

**Ernesto:** Pois eu levo comida no camiión. Como gran parte dos meus compañeiros de roteiro. A miña sogra preparamos tupperes para toda a semana. Se un día apetéche unha hamburguesa, pois vas ao búrguer do polígono. Ou se queres unhas tapas dun sitio, pois comes algo diferente. Pero, a día de hoxe, a economía non acompaña, tampouco aos restaurantes e na estrada atopas moita comida rápida ou de rancho.

**AMSGO:** É perigoso o de durmir no camiión?

**Ernesto:** Depende da zona. Segundo vas coñecendo a compañeiros, xa te vas informando. Sempre hai risco de que che rajen a lona e se lles interesa o que



FEBREIRO 2026

## Rudy Daini, escultor e psicólogo: “Inquérame a mocidade, o futuro que lle estamos deixando ás novas xeracións”

Rudy é un polifacético veciño de Quistiláns. Venezolano de orixe, chegou a Galicia por amor. Divorciado na actualidade e con un fillo, ao que enseguida te das conta que idolatra. Procede dunha familia de creadores artísticos. En Caracas, xa moi novo tivo que suplir no taller a seu pai, recoñecido escultor que faleceu xoven.

**AMSGO:** Por que razón te inclinas a traballar en tamaño grande, ou en tamaño natural, cando ao mellor era máis manexable outro formato máis pequeno?

**Rudy:** Eu tamén traballei pezas máis pequeniñas, pero a escala humana, a escala natural causa maior impacto. O meu pai foi escultor, un italiano que emigrou a Venezuela nos anos cincuenta, e fixo grandes obras.

A partires de ahí o mozo que ía para arquitecto dedicouse á escultura, á restauración dunha praza con obras de seu pai, á caricatura, e a estudar psicoloxía, sendo esta unha actividade que mante en paralelo coa creación artística.

Non esquezamos que tamén foi asesor de imaxe de personalidades e esce-

cólogo e como artista toda a miña vida. Tamén fun caricaturista, teño catro libros publicados. Fixen escenografías para un teatro. Sempre estiven vinculado coa arte, coa pintura, tamén teño cadros.

**AMSGO:** E a razón de virte para aquí, cal foi?

**Rudy:** Vin visitar á que foi a miña esposa. Casei e teño un fillo de 17 anos estudando no Instituto Rosa-

nógrafo de teatro. Fixo varias exposicións, en solitario e colectivas, tanto en Venezuela como en Italia e en Galicia.

Publicou varios libros, o último en 2023, “Un mundo de todos pero no para todos”. Esta é unha constante preocupación de Rudy Daini, indagar na herdanza que deixamos aos nosos fi-

nos a tamaño natural.

**AMSGO:** Como financias todo isto?

**Rudy:** Tiña uns aforros que vanse esgotando. Pero sempre tiven a confianza de que un debe facer o que lle gusta. O meu pai dicía: traballa primeiro que o demais vén só. Ocorrúseme facer o do peregrino. Unha versión nova que quero que se transforme nun ícono da peregrinaxe lonxe da figura,

llos como sociedade. Unha inqueda que se reflicte nas obras que está a desenvolver no seu modesto taller. Nenos e nenas que representan os problemas que temos que afrontar, a inmigración, o consumo e a contaminación, a falta de profundidade de pensamento. Ten ademais un proxecto, crear un novo peregrino,

versión en resina en tamaño natural, con información do camiño en código QR. Agarda conseguir un patrocinio para produci-lo en serie que se vexa en todas as etapas do Camiño de Santiago. Mentres, podemos observar esta creación á porta do seu taller, xunto as autocaravanas do seu amigo e caseiro José Luis.

**Ocorrúseme facer o peregrino. Unha versión nova que quero que se transforme nun ícono da peregrinaxe.**

Tivo éxito, fixo moitos traballos, pero morreu novo, dun cancro, aos 57 anos. Quedou o legado do taller de fundición aos meus irmáns e a min. Eu encargueime da fundición de bronce e fixen traballos importantes. Restaurei as esculturas que fixera o meu pai nunha praza de Caracas. Estudie arquitectura e paralelamente psicoloxía e traballei como psi-

lía. Despois do divorcio atopei un sitio onde aloxarme e traballar nun pequeno taller en Quistiláns. Eu estaba afeito a outras dimensións maiores, pero logrei adaptarme, facer talleres fusionando a escultura e a psicoloxía. Inquérame a mocidade, o futuro que lle estamos deixando ás novas xeracións. Por iso fixen esta serie de esculturas con ne-

doutra banda respectable, do peregrino tradicional. Que sexa representativo do Camiño e cun QR que permita aos viaxeiros informarse a través dunha aplicación. Estou na tentativa de que unha axencia bancaria poida interesarse por facer varias. Ou tal vez un municipio.

**AMSGO:** Para iso se-





ría importante sacalo de Quistiláns, dar a coñecer o proxecto, non che parece?

**Rudy:** A min non me gusta moito a publicación. Non teño tempo. Aínda que en Caracas fun produtor de vídeos, entre eles un documental sobre Frida Kahlo, ata de campañas electorais. Pero volvendo á pregunta, algún día farei unha exposición, as obras están aí, o peregrino venderase, e o que hai que facer son as cousas con bo gusto, que sexa un bo traballo.

**A creatividade permíteche entender as cousas dun xeito diferente.**

**AMSGO:** Falemos un pouco do teu proceso de traballo. Coa influencia da forxa de bronce, realizas uns moldes onde substitúes o



metal por resina, non é así?

**Rudy:** Cando inicias unha escultura traballas no material que sexa máis cómodo para ti. Hai xente que o fai en barro ou en plastilina. Hai outra que usa directamente xeso, é o caso dunha das figuras a tamaño real que che ensinei e que estou a esculpir aínda. Unha tolemia, comparado con modelar con barro. Eu aprendín observando ao meu pai no taller. Pero o tratamento da resina acrílica ou a resina de poliéster aprendino aquí, sobre a marcha.

O molde de silicona si que é un avance respecto a os de goma laca que se utilizaban antes. A silicona rexistra perfectamente o que previamente moldeaches. Podes ir a unha forxa de bronce, hai dúas na comarca. Pero é moi custoso. E ademais cando descubrín as resinas e a súa posibilidade de darlles cor, gustoume como quedaban en cor branca. Convidei a varios artistas e coincidiron comigo. Os pedestais, van en cor, gardando relación co que representa a figura que soportan. Un ten que adap-

tarse e gozar do proceso. Pero se tivese a oportunidade de ter que abordar un proxecto en bronce podería facelo. Necesitaría un espazo máis grande.

**AMSGO:** O peregrino é policromado.

**Rudy:** Si. Uso as cores da bandeira de Galicia. Que transmita inconscientemente o sentimento de pertenza á terra.

**AMSGO:** Dedicaste tamén ao teu labor como sicólogo?

**Rudy:** En efecto. Antes facía talleres presenciais, agora estou centrado na rede. Traballo en liña, con clientes de Madrid, dos Estados Unidos e de Venezuela, maioritariamente. Ás veces dedico máis tempo ás consultas e aos cursos e outras dedícollo máis á arte. A creatividade permíteche entender as cousas de xeito diferente.

## Ibuprofeno Teatro estrea Bio Construción, unha comedia de teatro absurdo

Ibuprofeno Teatro estrea en Ames a súa nova produción Bio Construción un texto de Santiago Cortegoso para dous actores e unha violonchelista no que a compañía segue explorando o teatro absurdo. As funcións serán o venres 27 e o sábado 28 de febreiro, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura do Milladoiro. A creación artística desta peza teatral realizouse no Milladoiro a través do programa municipal de residencias artísticas. O Concello de Ames conta coa colaboración

da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), para a realización da programación de artes escénicas do primeiro semestre do ano 2026.

A obra, a través dun humor absurdo, preséntanos dous personaxes inocentes e loitadores, un pouco heroes e un pouco fracasados que viven nun fráxil equilibrio entre a procura da felicidade e a frustración. Esta parella decide deixar o teatro, traballo ao que se dedicaran ata agora, para marchar a un lugar remoto e emprender

o seu proxecto máis ambicioso: construír unha casa coas súas propias mans. E así transcorren trinta anos.

Completan o equipo Marcos PTT na asistencia de dirección, Gloria Punzano como auxiliar de dirección, a través dun convenio asinado coa ESAD de Galicia, Jose Perozo no deseño e realización do espazo escénico, Laura Vidales no deseño de vestiario, Carlos Álvarez-Ossorio no deseño de iluminación, Armando Martén no movemento escénico e Baia Fernández

na caracterización.

Bio Construción é o duodécimo espectáculo de Ibuprofeno Teatro, compañía fundada por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso no 2010 para explorar a través das artes escénicas os temas que afectan ao ser humano contemporáneo a través do humor e do absurdo.

O seu traballo foi recoñecido con diversos galardóns, entre eles o Premio do Público na MIT de Ribadavia ou os Premios María Casares en distintas categorías.



FEBREIRO 2026

## A cuarta edición do Cocido de Entroido dos Maiores congregou no Pavillón do Milladoiro a máis de 700 persoas

Ames celebrou neste martes de Entroido a cuarta edición do cocido dos maiores, unha festa que se recuperou no 2022 coa celebración no mes de xullo da tradicional festa dos maiores e que desde o 2023 se decidiu trasladar ao martes de Entroido.

Deste xeito, o pavillón municipal do Milladoiro acolleu unha xornada festiva na que non faltaron os disfraces, este ano coa temática das profesións, a boa música e, por suposto, o tradicional cocido galego destas datas de Entroido. Asisti-

ron máis de 730 persoas ao xantar, que deu comezo ás 14.00 horas coa entrada dos camareiros e camareiras repartindo o primeiro prato, sopa, e, de seguido, o cocido por todas as mesas.

Preparáronse arredor de 600 quilos de carne, 400 quilos de patacas e 270 feixes de grelos.

Tras a comida, a festa continuou ao longo da tarde con música a cargo do dúo musical Eva e Camilo para que as persoas maiores puideran xuntarse e gozar dunha xornada festiva chea de diversión. Ademais, pre-



miouse aos mellores disfraces co reparto de varias cestas con produtos de Entroido.

Para facilitar a asistencia dos maiores ao evento, o

Concello de Ames habilitou un servizo de autobús que pasou polas parroquias

Unha gran parte da Corporación municipal encabezada polo alcalde, Blas Gar-

cía, tamén participou na festa. Blas García, destacou que “o cocido dos maiores xa se está convertendo nunha tradición no concello durante o Entroido”.

## Lendo a Rosalía e Civilizacións gañaron o concurso infantil de disfraces

## Ames albergou

## a gravación do

## novo clip de

## Lumedoloop

O grupo compostelán Lumedoloop, formado por Jamas e Mou, fundadores de Dios Ke Te Crew e referentes do hip hop do país, e DJ Mil, un dos DJs máis recoñecidos da escena urbana galega, veñen de presentar o seu novo videoclip Fíos de Cor, previo ao lanzamento do seu álbum debut (Re)existencia. O Concello de Ames colaborou neste traballo ao ceder a nave de obras de Lapidario para a gravación da parte audiovisual da peza.



A praza da Maía, en Bertamirás, acolleu hoxe pola tarde a festa e o concurso infantil de disfraces como parte da programación “Entroido Ames 2026”, organizada polo Concello de Ames en colaboración coa asociación Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA). En dito concurso repartíronse 825 euros en seis premios para os tres primeiros clasificados das categorías individual e grupo. Ademais, houbo un obradoiro de maquillaxe e fin de festa coa actuación musical de Ángel Habana.

Os mellores disfraces foron: na categoría individual o primeiro premio de 100

euros foi para Lendo a Rosalía; o segundo premio dotado de 75 euros recaeu en A dama dos 1823 corchos; e o terceiro premio de 50 euros foi para Caixas musicais. Na segunda categoría, o primeiro clasificado foi Civilizacións da ANPA A Madalena, que levou un premio de 300 euros; o segundo premio de 200 euros foi para Alicia en el país de las maravillas; e o terceiro premio de 100 euros recaeu en Desayuna con alegría.

O xurado encargado de escoller aos gañadores estivo formado por Susana Rodeiro, en representación da ANPA A Maía; Jorge López,

de Biosbardos Animación; e Cristina Botrán, en representación da Escola municipal de teatro.

A Escola Municipal de Música de Ames, a EMMA, organizou nestas festas de Entroido dúas actuacións. O primeiro dos concertos foi Música entre disfraces, que se realizou o pasado mércores 11 de febreiro e tivo unha duración aproximada dunha hora. En total, participaron arredor de 50 alumnos e alumnas da escola. O segundo concerto celebrouse o venres 13 de febreiro. Este concerto estivo enfocado a agrupacións e combos da EMMA. Deste xeito, arredor de 65 alumnos e alumnas de guitarra, piano, batería, saxo, baixo e linguaxe musical interpretaron durante aproximadamente 75 minutos temas populares.

Os usuarios do programa Amessán tamén participaron na súa propia festa de Entroido o pasado venres 13

de febreiro. Tiveron música en directo co dúo Matices, baile, concurso de disfraces, chocolate e orellas de entroido. Houbo premios para os mellores disfraces grazas á colaboración de XEA, que colaborou achegando os premios para os mellores disfraces.

As escolas infantís municipais A Madalena, no Milladoiro, e O Bosque, en Bertamirás, celebraron o pasado venres, 13 de febreiro, as súas respectivas festas de Entroido. Este ano na escola infantil da Madalena escolleron a temática de culturas antigas para disfrazarse de trogloditas, exipcios, romanos, viquingos, incas e cabaieiros medievais. Na escola infantil do Bosque escolleron a temática hippie. Aínda que a choiva impediu o pasarrúas das comparsas, ambas escolas infantís celebraron o entroido no interior e convidaron ás familias a unha merenda.

## As túas tormentas, a túa calma: unha viaxe á orixe do estrés humano e o poder interior para afrontalo

Por Rosa Fernández

Desde que o ser humano habita a Terra, o estrés formou parte da súa existencia. Non é un inimigo novo, nin un invento moderno. É unha resposta natural, unha alarma biolóxica que nos permitiu sobrevivir. Nos tempos do Paleolítico, cando os nosos antepasados vivían en constante alerta ante depredadores ou a procura de alimento, o estrés era un aliado: activaba o corpo, axilizaba os sentidos e preparaba para a acción.

Co paso das eras, o estrés adaptouse. Xa non fuximos de tigres, pero si enfrontamos listas interminables de

tarefas, problemas laborais, incerteza económica e desconexión emocional. Durante a Revolución Industrial, por exemplo, o estrés cambiou de rostro: longas xornadas laborais, condicións precarias e a esixencia de render a máxima velocidade convertéronse en fontes constantes de tensión. E na era dixital, a hiperconectividade e a sobreinformación expóñennos a un estrés invisible pero permanente.

Ante esta evolución do estrés, tamén evolucionou a nosa necesidade de acougalalo. Nos anos 30, o médico Edmund Jacobson desenvolveu

o seu método de relaxación progresiva, unha técnica sinxela pero efectiva baseada en tensar e relaxar grupos musculares para inducir estados de calma. E nos anos 70, Jon Kabat-Zinn integrou a sabedoría da meditación budista coa ciencia occidental, creando o programa MBSR (Redución do Estrés Baseada en Mindfulness). Con libros como "Full Catastrophe Living" e "Wherever You Go, There You Are", Kabat-Zinn demostrou que a atención plena é unha ferramenta poderosa para habitar o presente, mesmo cando a contorna é hostil.

Pero máis aló das técnicas, hai unha mensaxe profunda: todos temos dentro de nós un espazo de calma. Ese lugar interno onde, aínda que fóra haxa tormenta, podemos elixir respirar, sosternos, e seguir adiante.

Existe un conto que o ilustra ben. Nun concurso para representar a paz, presentáronse moitas pinturas de paisaxes tranquilas. O cadro gañador, con todo, mostraba unha forte tormenta: refachos de vento, ceos escuros, choiva intensa. E no centro do cadro, dentro dunha greta nunha roca, un paxaro alimentaba á súa cría. Paz

non era ausencia de ruído, senón a capacidade de cooidar, de amar e de actuar incluso no medio do caos.

Dominar o estrés nesta era non é escapar do mundo, senón aprender a vivir nel con presenza, con ferramentas e con conciencia. E, sobre todo, coa certeza de que pedir axuda non é signo de debilidade, senón de fortaleza.

Hoxe, máis que nunca, é tempo de reconectar co noso poder interior, aprender a acougar a mente e cultivar ese espazo onde, pase o que pase fóra, seguimos alimentando a vida dentro.

Rosa Fernández é orientadora en desenvolvemento persoal e profesional nº 13303 AICM Info@viajandohacialameta.com

O mellor cocido de Santiago

**Coas mellores carnes de Galicia**

Carnes oreadas, carnes afumadas, porco celta, grelos de Monfero, filloas e viño

**Cocido para grupos todos os días por encargo**

As fins de semana menú cocido completo por 29€

**RESERVAS: 881 12 10 34**



**CR**  
CAROLO  
Restaurante  
Avda. Vilagarcía, 21  
Santiago  
881 121034

# SABORA

café tostados no día

[www.cafesabora.com](http://www.cafesabora.com)

FEBREIRO 2026

## Luma Gómez: “Moitas compañías non poden pagar un local propio, que Ames deixe un local de ensaio é unha achega moi importante”

Luma Gómez é, xunto con Eduardo Alonso, a enerxía que impulsa o Teatro do Noroeste, compañía que o ano que ven cumpre 40 anos en constante produción. Son veciños de Ames, de Ameixenda desde hai tres décadas e manteñen a paixón polo teatro profesional con dúas liñas claras de traballo desde o comezo: Traer ao galego a autores clásicos e dar espazo aos novos creadores teatrais do país. En novembro estiveron en Bertamiráns con Guerra. En maio, estrearán en Brión Polo de Franco, de Eduardo Alonso e protagonizada por Luma Gómez. Esta actriz consagrada cre que estamos nun bo momento para a interpretación en Galicia e agradece que Ames ceda local de ensaio ás compañías, un emprendemento sempre deficitario.



**AMSGO: Cáusame curiosidade e, recoñezo que estou ilusionado ante a estrea da obra que estades a preparar no Teatro do Noroeste, Polo de Franco. Temos datas para a estrea?**

**Luma:** Pois vaise estrearse o mes de maio en Brión. Un sitio preto da casa, nós vivimos en Ameixenda, hai xa trinta anos. Imos estar alí dous días, 15 e 16. E logo estamos preparando unha xira para levar a obra a todos aqueles sitios que queiran recibírnos.

**AMSGO: Volvamos un pouco ás horixes. Qué vos motivou á creación de Teatro do Noroeste?**

**Luma:** Teatro do Noroeste nace como unha compañía xa profesional. Non ven de unha compañía de teatro afeccionado como hai moitas en Galicia. Nós xa tivéramos outra compañía en Galicia e outra máis en Madrid. Estivemos uns seis anos en Madrid, cando o movemento aquel do teatro independente. Cando foi baixando o suflé de todo aquilo, volvemos a Galicia

porque queríamos facer teatro profesional aquí, crear estruturas e posibilidades de facelo. Houbo unha serie de xente que viñemos, Antonio Simón, Xulio Lago, Dorotea Bárcenas, Eduardo Alonso e eu mesma, Xan Cejudo, en fin, un montón de xente que, por razóns obvias, como era complicado facer teatro profesional en Galicia fóramos a Madrid coa idea de integrarnos no teatro independente e de aprender. De volta diso, incorporámonos o Teatro do Antroido e creamos outra compañía que se chamaba Teatro Andrómena. Con estas dúas compañías creouse Teatro do Estaribel. Xuntámonos para facer un espectáculo grande e logo desapareceu.

**AMSGO: Qué pasou despois?**

**Luma:** Logo diso, fóronse creando infraestruturas en Galicia. Nós xa viñamos con ideas claras de como crear estruturas de teatro no país, porque xa víramos o que se facía noutros sitios. Apareceu a posibilidade, nun momento en que Luís Álvarez Pousa foi Director Xeral de

Cultura, para crear o Centro Dramático Galego, que aínda perdura. O seu primeiro director foi Eduardo Alonso, e alí foi onde traballamos un montón de xente, uns mantendo igual as compañías, outros non as mantiveron, pero fomos traballando. Cando Eduardo rematou a súa estada no CDG, que non chegou a dous anos, decidimos crear Teatro do Noroeste. O primeiro espectáculo co que aparecemos foi cunha adaptación de Medea e así foi o comezo do Teatro do Noroeste, fai agora 40 anos, no 2027.

**AMSGO: Como defines a liña de traballo da compañía?**

**Luma:** Teatro do Noroeste ten dúas liñas de traballo moi definidas. Unha, traer ao galego a autores clásicos de todos os tempos, Shakespeare, Molière, un montón de autores. E incorporar tamén galegos contemporáneos, como Suso de Toro, Miguel Anxo Murado, Lino Braxe, e máis Eduardo, que tamén escribe textos. Neses parámetros é como se desenvolve a traxectoria de Teatro do No-

roeste ata hoxe.

**AMSGO: A palabra clave parece ser “profesional”. Como se fai para manter unha empresa cultural durante todo ese tempo.**

**Luma:** É moi complicado, e, de feito, en toda a traxectoria dos 40 anos houbo momentos de estar moi ben, de estar mal e de estar horriblemente mal. Non hai unha traxectoria moi tranquila. Con todas, Teatro do Noroeste fixo produción todos os anos e ás veces dúas ao ano. Con subvención e sen subvención. Soportamos este tempo, aguantomos profesionalmente, sempre sen deixar de facer. Hai que empregar todas as ferramentas ao teu alcance, iso desde logo. Buscando funcións debaixo das pedras e ás veces montando as túas propias funcións. Autoxestionando as cousas da compañía...Tratando de inventarte a pólvora. Isa é a realidade.

**AMSGO: Falabas antes do compromiso co país da compañía. Supoño que non sempre sería doado, nin na ac-**

**En toda a traxectoria dos 40 anos houbo momentos de estar moi ben, de estar mal e de estar horriblemente mal. Con todas, Teatro do Noroeste fixo produción todos os anos, nalgún caso dúas.**

**tualidade tampouco, compaxinar financiamento público, subvencións e a sostemento das liñas de traballo das que falabas.**

**Luma:** Neste país valórase moi pouco a cultura propia, sobre todo. Hai que poñer moito do teu. Unha axuda do AGADIR non chega para a nómina de todos os

actores, por exemplo. Logo está o vestuario, iluminación, o atrezzo, está todo. Efectivamente hai que arriscar. Algunhas veces con cartos propios, do remanente da obra anterior. Poucas veces sucedes iso. Por esta razón todas as empresas teatrais son deficitarias. Móntanse polo compromiso, polas ganas que temos a xente do teatro de sacar os proxectos como sexa para adiante. Ás veces o que adoita pasar é que ti tes un gran proxecto na cabeza, pero, na realidade acaba sendo un proxecto máis pequeno. Non direi que máis pobre, porque a xente ten moita imaxinación e trata de suplir con creatividade todas aquelas fallas de escenografía, por exemplo. E hai moito de sacrificio persoal. Se o último que cobras es ti, como empresa, pois cobrarás cando cobres.

**AMSGO: A nivel persoal, que balance fas de ter dedicada a vida ao teatro? Non me imaxino doado estar un día en Ferrol, no salón da túa casa e dicirlle a teus pais aquilo de Concha Velasco, quero ser artista.**

**Luma:** A min iso pasoume no instituto. Unha compañía do Instituto Masculino, Teatro Estudio, de bastante prestixio en Ferrol, viñeron buscar rapazas. Eu apunteime. O espectáculo era Suplicantes, unha adaptación de Eduardo Alonso, a quen coñecín daquela. Hai moita xente que traballei con ela xa desde aquela época do instituto. Desde entón enroleime a facer teatro. Na casa, curiosamente, aínda que estaba estendido o pensamento de que si te dedicabas ao teatro non eras decente, tomárono moi ben.

Iso que daquela todo o complicaba o franquismo. Estaba todo prohibido. Con todas saímos adiante.

**AMSGO: Tamén fixeches cine e televisión. Pero parece que en todas as artes hay un pau que tira máis. O teu parece que é o teatro, non si?**

**Luma:** A ver... eu son copropietaria da compañía Teatro do Noroeste. Polo tanto podo tomar decisións. No cine non podo tomar decisións, ou me chaman ou non me chaman, entón si me chaman estupendo, do contrario eu podo tomar a decisión de facer algo. Un monólogo, o que sexa, pero non estar parada. Iso é unha vantaxe importante. Para min é moito máis viable poder facer teatro que facer cine ou televisión, que dependo de outros.

**AMSGO: Es un exemplo de muller creativa e emprendedora. Poderíamos facer unha reflexión polas dificultades engadidas ao traballo de emprendedora e intérprete teatral, pola condición de muller?**

**Luma:** Imaxínate Ferrol daquela. Por un lado estaba Astano, que eran os obreiros e por outra banda o exército, estaba a Capitanía, un ambiente moi pechado. Pero

nós tratamos de facelo como fora, é o que ten ser novo. Cando es novo e tes vocación podes empregar unha cantidade de enerxía impresionante. Logo vas tendo un desgaste ao longo do tempo. Entón empregas máis coñecementos prácticos e menos enerxías. Pero ao comezo non hai



dios que te pare. Cando te empeñas en facer unha cousa... e houbo moitas máis coma min, que chegamos ata hoxe.

**AMSGO: E hoxe vivimos un momento creo que bo**

**para a ficción e os actores e actrices do país. Rachouse co mito de que os actores galegos só valían para secundarios e papeis moi estereotipados?**

**Luma:** Eu creo que máis que rachar co mito houbo un descubrimento. De repente había xente profesional que podía igualarse a claquera, como Tosar, por exemplo, eu traballei con el e é moi serio e traballador. Aparece unha serie de actores que van de protagonistas a secundarios que poden facer o que se precise porque están preparados. Pero iso é agora, eu marchei para Madrid porque en Ferrol non tiña onde aprender, nin en Galicia.

**AMSGO: Crees que a nivel formativo estamos a nivel?**

**Luma:** Creo que o CDG, a Rede de Teatros Auditorio, fóronse creando estruturas teatrais. Tamén fomos conscientes de que se precisaba unha escola de teatro. En Vigo hai unha Escola de Arte Dramática. Tamén ese plano está cuberto. Sae moitísima xente que sae desta escola e hai xeracións enteiras de actores, que uns buscan ser famosos e meterse na televisión. Pero outros crean compañías, máis grandes ou máis pequenas, pero de calidade.

**AMSGO: Vaiamos un momento ao local. Como ves a oferta cultural, ou polo menos no relativo á escena, en Ames?**

**Luma:** Véxoa moi ben.

**AMSGO: Eu teño unha queixa. Moitas veces parece que falta un día máis de cartel, unha segunda oportunidade de conseguir entradas.**

**Luma:** Isa é unha loita que temos en moitos teatros, sobre todo nas cidades. Ao mellor hai un par de eles que vas dous días, pero nin sequera en Santiago, que tes todo vendido, proporcionan un segundo día. Eu creo que Ames xa ten esa capacidade, e senón a ten debe crear esa posibilidade económica de cubrir un segundo día para crear público. Non se trata só do público que ven os venres á sala, tamén se poden crear funcións para xente nova, institutos, etc. promover o teatro nesas idades que son tan complicadas e que os rapaces non saben moi ben que facer. Sería boa idea un segundo día. En Milladoiro a sala é moi pequena y en Bertamiráns é un pouco máis grande. Pero case sempre está chea. E logo non quixera deixar de destacar que hai unha cousa que se empezou a facer no Concello de Ames. A sorte de poñer a disposición das compañías un local de ensaio. Para poder ensaiar o espectáculo. Recomendo que se faga e se organice ben e se estenda por máis concellos. Moitas compañías non poden pagar un local propio. Non alcanzan capitalización suficiente para poder pagar un local e un sito para o ensaio é unha axuda importantísima por parte do Concello de Ames.

FEBREIRO 2026

## Importante achega do Ames Atletismo Savante á selección galega no Campionato de España de marcha atlética en ruta

O club Ames Atletismo Savante obtivo moi bos resultados o pasado 15 de febreiro en Cieza (Murcia) no Campionato de España de marcha atlética en ruta por federacións. O Ames Atletismo participou con 4 atletas sendo o club que máis marchadores aportou á selección galega en dita competición.

Na proba de 10 km marcha en ruta, o amesán Nicolás Collazo realizou unha gran carreira logrando o subcampeonato de España sub20 e mailo récord galego sub20. Cómpre destacar que o pasado 25 de xa-

neiro, Nicolás Collazo conseguiu a medalla de ouro sub20, e ademais, logrou ser campión galego absoluto no campionato galego de marcha en ruta.

Ademais, na proba de 10 km marcha sub20 tamén participaron Nadir Moreira e Icíá Ares, marchadora do Ourense Atletismo, pero que forma parte do grupo de adestramento do Ames Atletismo, que logrou a quinta posición na categoría feminina. Tamén hai que lembrar, que no campionato galego, Nadir Moreira logrou a medalla de bronce na



Juan Pernas, Nicolás Collazo, Icíá Ares e Nadir Moreira

categoría sub20, e Icíá Ares conseguiu un dobre éxito coa medalla de ouro na categoría sub20 e o subcam-

pionato galego absoluto.

Por último, destacar a gran actuación do amesán Juan Pernas na proba de 5

km marcha sub16, onde co resto de compañeiros da selección galega gañaron a competición por equipos.

### XVIII Xornada de técnicos de Special Olympics Galicia

Ames acolleu a XVIII Xornada de persoal técnico e voluntario dos Xogos Autonómicos para persoas con discapacidade intelectual, organizados por Special Olympics Galicia, que xuntou o sábado 14 de febreiro na Casa da Cultura de Bertamiráns arredor de 59 participantes de nove entidades das catro provincias galegas.

### Jadel Rodríguez logra o bronce na Liga Nacional de Logroño

A Escola de Karate Dokkodo volveu situar o deporte de Ames no panorama nacional tras a súa participación este fin de semana na Liga Nacional celebrada en Logroño.

O equipo desprazado á Rioxa, composto por seis competidores, mediu o seu nivel contra os mellores karatekas do país nas modali-

dades de kata e kumite.

O éxito máis destacado da fin de semana foi o bronce acadado por Jadel Rodríguez Paulino na categoría Xuvenil Masculino +60 kg. Jadel demostrou unha gran solvencia e madurez competitiva, logrando subir ao podio nun dos escenarios máis esixentes e concorridos do calendario nacional.

### Olivia Parga, participou na primeira fase da liga nacional cadete de karate en Valdepeñas

A karateka amesá, Olivia Parga, participou a terceira fin de semana de xaneiro na primeira fase da liga nacional cadete de karate.

Olivia disputou tres combates chegando ata cuartos de final, despois de gañar os dous primeiros combates por 3-0 e 4-0 e perdendo o

último por 3-0, e non tendo opción de repesca.

Ademais, a deportista amesá volveu ser incluída no programa GSKU (Grupo de Seguimento de Kumite) da Federación Galega de Karate, o que supón un respaldo económico e formativo para a karateka.

## Aberto o prazo para participar no VII Trail e Andaina Ribeiras do Tambre e para o III Campionato Xunta de Galicia de trail running Preclassic

O Concello de Ames, xunto coa Federación Galega de Atletismo, organizan unha nova edición do Trail e Andaina Ribeiras do Tambre, que se celebrará o vindeiro domingo 8 de marzo. A proba, enmarcada dentro da especialidade atlética do Trail-Running, formará parte do Galicia Trail

Running e, ademais, será o III Campionato Xunta de Galicia de Trail Running Preclassic e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. Deste xeito, A Ponte Maceira volve a ser un ano máis o punto de partida deste evento deportivo, tanto para o trail como para

a andaina.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 3 de marzo e pode facerse a través da páxina web de Carreiras Galegas. Nesta proba poderá participar calquera deportista, sexa ou non federado. Pódense consultar as bases e o regulamento da proba na mesma web de Carreiras.



## Gala do Deporte de Ames: Verónica Fernández e Hugo Novoa, deportistas máis destacados do ano 2025

O sábado, 21 de febreiro, a Casa da Cultura do Milladoiro acolleu a XVIII Gala do Deporte de Ames,

### Deportista ou equipo máis destacados dun club de Ames

Na categoría de mellor deportista ou equipo máis destacado dun club de Ames estaban nomeados o futbolista de 13 anos do Bertami-ráns FC, Agustín Johao León García; o primeiro equipo do FC Meigas; e o karateka de 11 anos da escola Dokkodo, Xían Blanco Calvo.

O premio, finalmente, foi para o FC Meigas, equipo de fútbol sala que o ano pasado acadou a permanencia na 2ª División Nacional por terceira tempada consecutiva. Acadou tamén a clasificación para a Copa da Raíña por segundo ano consecutivo (onde participan os 36 mellores equipos de España), alcanzando a 2ª rolda, eliminado polo AD Alcorcón, actualmente segundo clasificado da 1ª División Nacional. Ademais, acadou a clasificación para a Copa Galicia por terceiro ano consecutivo (12 mellores equipos de Galicia).

### Promesas masculinas e femininas

Na categoría de promesas masculinas optaban ao premio Tiago Vilas Macías, xogador de 12 anos de squash; Iván Gutiérrez Mosquera, ximnasta rítmico de 15 anos; e Diego Cacheiro Blanco, xadrecista de 17 anos. Na categoría de promesas femininas, estaban nomeadas Sofía Blanco Fuentes, ximnasta rítmica de 16 anos; Alicia Campos Vaamonde, futbolista de

un evento que premiou aos mellores deportistas e clubs do concello durante o ano 2025. A boxeadora Ve-

17 anos do Milladoiro SD; e Mara Prieto Mariño, xogadora de squash de 13 anos.

O galardón masculino foi para Tiago Vilas Macías, xogador de squash que durante o 2025 foi campión galego sub11 e sub13 e campión de España sub11 e 13. A nivel internacional, foi campión europeo en Portugal (Portuguese), subcampión europeo en España (Spanish), campión na Copa de España sub13 e 4º clasificado na Copa de España sub15.

Na categoría feminina, a gañadora foi Sofía Blanco Fuentes, ximnasta que no 2025 quedou subcampioa galega absoluta e 5ª na Copa de España Absoluta (nivel elite), competindo coas mellores deportistas da elite nacional con tan so 15 anos, idade que tiña no 2025. Actualmente, pódese considerar como unha referencia na ximnasia rítmica galega.

### Deportistas máis destacados na categoría masculina e feminina

A xoia da coroa da gala foi a condecoración ao deportista máis destacado, tanto en categoría feminina como masculina. Na categoría feminina optaban ao premio a boxeadora Verónica Fernández Pérez e a futbolista Nuria Rábano Blanco, mentres que na categoría masculina facían o propio o atleta Tariku Novales e o futbolista Hugo Novoa.

A deportista máis destacada foi Verónica Fernández

rónica Fernández e o futbolista Hugo Novoa, levaron o galardón, en cadansúa categoría, ao deportista máis

destacado do ano, nun acto que rendeu homenaxe a José Regueiro Arufe, do Biduído SR, e se premiou a

Tómame más Fruta como entidade colaboradora. A gala foi conducida polo xornalista Diego Viaño.



Pérez, boxeadora elite amateur da categoría de 75 a 81 kg, que no 2025 volveu a coroarase campioa de España elite feminina en Segovia, revalidando o título xa conseguido no 2024. Con este éxito logrou coroarase como raíña do boxeo feminino nos seus dous primeiros, e con-

goría máis alta do fútbol español. Actualmente está en condición de cedido no C.D. Mirandés co obxectivo de ter máis minutos competindo na Segunda División.

### Club máis destacado e recoñecementos especiais

Non só foron os deportis-

## Houbo un recoñecemento especial para José Regueiro Arufe como posta en valor a toda unha vida (43 anos) dedicada ao Biduído SR

secutivos, Campionatos de España.

Na categoría masculina, o gañador foi Hugo Novoa Ramos, futbolista de 23 anos que xogou na tempada 2024/2025 no Deportivo Alavés da Primeira División de España. Nesa tempada 24-25, disputou 5 partidos de liga co seu equipo na Primeira División, cate-

tas os que recibiron premios na Gala do Deporte, pois tamén se recoñeceu o labor das entidades e asociacións que nutren o tecido deportivo de Ames. Deste xeito, o club Básquet Ames recibiu o premio ao club máis destacado, nunha selección onde tamén estaban o Milladoiro SD e a Escola de Karate Dokkodo.

Ademais, houbo un recoñecemento especial para José Regueiro Arufe como posta en valor a toda unha vida (concretamente, 43 anos) dedicada ao Biduído SR, primeiro como xogador e posteriormente como adestrador. Tamén houbo un premio para o colaborador especial de 2025 que recaeu no establecemento comercial Tómame más fruta.

### Premio especial do público

Nesta categoría, o público puido votar polo surfista de paddle surf, Guillermo Carracedo Robelo; a xogadora de baloncesto, Blanca Millán Modía; a boxeadora Verónica Fernández Pérez; e os futbolistas Hugo Novoa Ramos e Nuria Rábano Blanco.

A gañadora, cun total de 437 votos, foi Blanca Millán, xogadora de baloncesto de 1,85 de estatura, que xoga na posición de escolta no equipo Baxi Ferrol da Liga Femenina de baloncesto (LF ENDESA).



## Canle WhatsAmes

A Canle de WhatsApp do Concello de Ames

- ✓ Axenda, actualidade, avisos, ...
- ✓ Infórmate de forma sinxela, confiable e privada!!!



Escanea o QR



Concello  
de AMES

Tes algunha dúbida,  
consulta ou suxerencia?

### WhatsAmes

A túa liña directa co Concello

# 606 71 41 63